

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, ANO 2023 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 24 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, ANO 2023 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

BDNS(Identif.):673105

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/673105>)

1. Beneficiarios:

As entidades xurídicas que: carezan de fins de lucro, teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, non estean incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación.

2. Obxecto

Axudas para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra da comunidade autónoma de Galicia cando teñen relevancia para os intereses provinciais.

Poderán ser obxecto de financiamento, entre outras, as seguintes actividades: as actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), os festivais, as mostras, os encontros, os certames culturais, etc.



Mércores, 1 de febreiro de 2023

Núm. 22

3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 24 de xaneiro de 2023, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016, Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2023, LXS e demais lexislación de desenvolvemento.

4. Contía

250.000,00 €.

5. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base décima.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo terceira da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e acreditar a debida difusión, nos termos previstos na base décimo sétima da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 28 de febreiro de 2024.

Pontevedra, 25/01/2023

A presidenta.- María del Carmen Silva Rego

